



ORDE DO 25 DE MARZO DE 2021 DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE NOMEAN OS MEMBROS DO ÓRGANO DE XESTIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO RÍA DE CEDEIRA

O Decreto 28/2009, de 29 de xaneiro (DOG nº 33 do 17 de febreiro do 2009; corrección de erros DOG nº 49 do 11 de marzo do 2009), crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira. No seu artigo 10 e co fin de constatar a evolución da reserva e de asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no decreto, créase o órgano de xestión, seguimento e control, que estará constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca, que procurará unha participación equilibrada de homes e mulleres.

Destes oito membros, tres serán nomeados en representación da consellería competente en materia de pesca, un en representación da consellería competente en materia de ambiente, tres en representación da Confraría de Pescadores de Cedeira, e un en representación do sector pesqueiro por proposta da Federación Galega de Confrarías. Así mesmo, a consellería competente en materia de pesca designará a presidencia e a secretaría do órgano de xestión, seguimento e control entre os representantes da Administración.

Dado que se produciron vacantes, por xubilacións e cambios de posto de traballo, no órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, que se corresponden con membros que actúan en representación da Consellería do Mar, cómpre nomear os novos vogais e suplentes, así como designar de entre os nomeados á presidencia e a secretaría do órgano.

Polo ata agora exposto **resolvo**,

Nomear como membros do órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira ás persoas que se relacionan a continuación:

- Juan Valiela Villar, como vogal-secretario titular.
- Beatriz Asorey Torres, como vogal-secretaria suplente.
- Nuria Margarita Caruncho Conde, como vogal titular.
- Ignacio Pérez Mantecón, como vogal suplente.





Polo tanto, o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira quedaría como segue a continuación:

	TITULAR	SUPLENTE
Presidente (Consellería do Mar)	Pablo R. Fernández Asensio	Marta Villaverde Acuña
Vogal – secretario (Consellería do Mar)	Juan Valiela Villar	Beatriz Asorey Torres
Vogal (Consellería do Mar)	Nuria Margarita Caruncho Conde	Ignacio Pérez Mantecón
Vogal (Consellería de Medio Ambiente)	Susana Cuesta Fariña	Elisa Gago Moldes
Vogal (Confraría Cedeira)	Pilar López Bellón	Teresa Pardos Vilela
Vogal (Confraría Cedeira)	Jose Antonio Pernas Loureiro	Antonio Tojeiro Bellón
Vogal (Confraría Cedeira)	Eduardo González López	Lucía Villar Martínez
Vogal (Federación Galega Confrarías)	Jose Luis Martínez Rego	Jose Antonio Pérez Sieira

Santiago de Compostela,
Rosa M^a Quintana Carballo
Conselleira do Mar

